

Dirixímonos a vostedes, como facemos periodicamente, co fin de compartir información sobre aspectos que entendemos de relevancia para o desempeño do labor educativo. Referirémonos neste documento ás características de nenos e nenas que presentan un Trastorno con Déficit de Atención con/sen Hiperactividade (TDAH/TDA). Referímonos a este tipo de trastorno porque no noso centro atendemos a varios escolares con este diagnóstico.



As ideas que expoñemos son de carácter xeral. Por este motivo, como sempre, estamos á súa disposición se pensan que podemos axudalos na súa ampliación ou profundización.

Bibliografía para obter información

- Rojas, L. e outros (2008) Hiperactivos. Estrategias y técnicas para ayudarlos en casa y en la escuela. Ed. LoQueNoExiste.
- Ordóñez, M^a J. e Álvarez, R. (2011) No estáis solos. Ed. Libros Cúpula. Padres e Hijos.

Algunhas direccións en internet

- <http://www.tda-h.info>
- <http://www.fundacionadana.org>
- <http://www.fundacionadana.org>



Déficit de Atención con/sen Hiperactividade



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO 2011-12

**CEIP AGRO DO MUIÑO
ORTOÑO-AMES-A CORUÑA**

É moita a información dispoñible, pero non sempre o suficientemente contrastada. Aquí unicamente imos apuntar algunhas notas acerca do tema e queremos facer fincapé na necesidade dunha estreita colaboración entre persoal médico, familia e escola.

Que é o TDAH?

É un problema de orixe neurolóxica que afecta en torno a un 5% da poboación escolar. Hai diferenzas en canto á porcentaxe da súa incidencia entre nenos e nenas. Tamén hai diferenzas na forma en que se ven afectados.

As persoas afectadas caracterízanse por unha importante dificultade para concentrarse por tempos longos, un alto nivel de actividade motora e grandes dificultades para controlarse. Estes trazos preséntanse cunha intensidade e frecuencia maior que as esperadas para a súa idade. Ademais, as súas peculiaridades frecuentemente entorpecen as aprendizaxes.

A sintomatoloxía que sinalamos non se presenta en toda a súa extensión en tódolos casos. Por outra parte, adoita ir acompañada de problemáticas relacionadas co estado de ánimo, trastornos de conduta ou dificultades de aprendizaxe escolar e de coordinación perceptivo-visual e manual. Non teñen porqué ser nenos ou nenas que recibiran unha mala educación. Si precisan dunha pauta educativa máis organizada que outros nenos e nenas.



Dificultades que xera a súa educación na escola

En termos xerais, xa que, como indicamos máis arriba, hai unha ampla variabilidade, podemos dicir que:

Necesitan unha atención moi individualizada.

Poden xerar problemas na convivencia debido á inquietude motora e á falta de control de impulsos ou á dificultade na regulación das emocións.

Poden dificultar a atención do resto do grupo polo alto grao de individualización que poden precisar e/ou polas condutas “disruptivas” que poden presentar.

Intervención que precisan

É frecuente que precisen tanto tratamento farmacolóxico coma condutual e apoio escolar. A súa atención require a participación de profesionais especializados de medicina e, en ocasións profesionais da psicopedagogía externos ó centro escolar. Á súa vez, é imprescindible unha colaboración máis estreita entre a escola e a familia que a que se necesita noutros casos.

